



CONCURSO DE TRIPLAS II EDICIÓN LIGA SENIOR 3X3 FUNDACIÓN BREOGÁN

1. REGULAMENTO DO CONCURSO

O concurso de triplas disputarase durante os días **19, 26 e 31 de maio, e 9 de xuño**. O 17 de xuño, tan só terán lugar os **cartos de final, semifinais e a final**.

No concurso poderán participar **2 membros de cada equipo**, a elección do propio equipo. A organización deberá recibir os nomes dos inscritos antes do **17 de maio**.

Cada inscrito no concurso de triplas disporá de **2 roldas** clasificatorias durante os 4 días de competición. É dicir, o xogador **X**, participará no concurso de triplas o día 19 e o día 31 de maio, e o xogador **Y**, os días 31 de maio e 9 de xuño. **Da suma do total dos puntos obtidos, sairán os 8 clasificados para os cartos de final, que se disputará xunto coas semifinais e final o día 17 de xuño.**

IMPORTANTE: Cada equipo deberá de indicar qué 2 días lanzarán os dous xogadores inscritos no concurso. **Cada un dos vosos xogadores deberá seleccionar unha opción distinta:**

- **OPCIÓN 1:** día 19 e 31 de maio.
- **OPCIÓN 2:** día 26 de maio e 9 de xuño.

A maneira de comunicalo á organización será a través de Whatsapp ao responsable da Liga (Salva Arco) por parte do responsable do equipo e da seguinte forma (exemplo):

Juan Fernández (Opción 1)
Pedro Gómez (Opción 2)

1. DESENROLO DO CONCURSO

En cada rolda clasificatoria lanzaranse, por inscrito, **22 tiros de 3 puntos (línea de 6,75)**. Os balóns colocaranse nas dúas esquinas, 45 grados e posición central (*imaxen 1*). Haberá 4 balóns por posición. O último balón de cada posición, será o da marca **Wilson** e terá valor dobre.

- Cada xogador disporá de 1 minuto e 15 segundos para completar todas as posicións.
- Cada tripla anotada terá valor de 1 punto, exceptuando o último de cada posición, que valerá 2 puntos.
- **NOVIDADE:** as últimas 2 triplas deberán lanzarse dende os círculos indicados na imaxen 1 (*1 lanzamento dende cada unha das posicións*) situados **aproximadamente a 8 metros**, e o seu valor será de **3 puntos** cada un. Utilizarase un balón da marca **Wilson**.

- Os membros do equipo, serán os encargados de rebotear e colocar os balóns nas súas posicións correspondentes (as dúas primeiras posicións estarán ocupadas por balóns, 4 por posición).


- Empezarase sempre pola esquina dereita (se nos situamos no tiro libre e miramos cara a canastra).

- A organización, unha vez recibamos tódolos inscritos, enviará aos equipos un calendario cos días de competición. **O horario das roldas clasificatorias:**

- **19 de maio: 21:30h.**
- **26 de maio: 21:45h.**
- **31 de maio: 21:30h.**
- **9 de maio: 22:30h.**

- A canastra para facer o quecemento, será a auxiliar, colocada fora das pistas principais.

- **Tódalas roldas de triplas realizaranse na pista principal do Pazo Dos Deportes.**



Imaxe 1.